



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Dirección Xeral da Función Pública



empregarse
procesos de ingreso

***Proceso selectivo para o ingreso na
agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia***

Segundo exercicio opción B

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

44.- Nemesio Rodríguez, un cidadán da terceira idade, acude á Consellería e atópase con vostede no 3º andar, con aspecto de buscar sen éxito unha oficina. Que faría vostede?

- a) Non está ben entrometerse, polo que segue adiante sen saudar para non molestar a D. Nemesio
- b) Vostede achégase, saúda e pregunta a D. Nemesio se precisa axuda, se fose así a prestaría con amabilidade
- c) Vai directamente, pregúntalle por que está na Consellería, e logo de coñecer os seus datos persoais pormenorizadamente, decide indicarlle o seu destino
- d) Despois de coñecer os motivos da súa presenza na Consellería, informálle que ese procedemento pode facelo por vía telemática e que non aproveitar os novos medios resta eficacia á Administración

45.- Un cidadán moi descontento formula unha queixa acerca do funcionamento dos servizos públicos da Administración autonómica, presentando a mesma no rexistro xeral da Consellería de Traballo, Cal é o prazo desde que a queixa se recibe polo órgano competente en materia de calidade na xestión dos servizos públicos, para que este, en todo caso, notifique ao interesado as actuacións levadas a cabo ao respecto?

- a) 20 días contados desde a recepción da queixa no citado órgano
- b) 15 días contados desde a recepción da queixa no citado órgano
- c) 20 días pero non ten que notificar o citado órgano. A notificación a ten que realizar a Secretaría Xeral de Traballo
- d) Todas son falsas

46.- Segundo o disposto no artigo 30 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención á cidadanía, a qué teremos acceso desde a primeira páxina do sitio web da Xunta de Galicia?, sinale a incorrecta:

- a) Ao sistema de Información Administrativa e Atención á Cidadanía
- b) A estrutura orgánica das Consellerías
- c) Ao Sistema de Suxestión e Queixas
- d) Ao Diario Oficial de Galicia

47.- Que afirmación é falsa respecto á Carta Xeral de Servizos da Xunta de Galicia?

- a) Trátase dun documento que establece os compromisos, que con carácter xeral asume a Xunta de Galicia nas súas relacións cos cidadáns
- b) Promover o uso normal do castelán, oralmente e por escrito, nas relacións da Administración autonómica cos cidadáns
- c) Potenciar o desenvolvemento e a implantación da e-administración
- d) Xestionar os edificios, equipos e bens para que sexan aproveitados da mellor maneira posible polo persoal e polos cidadáns

48.- Que sistema de control de acceso persoal dos seguintes non pode ser considerado de tipo biométrico?:

- a) Pegada dixital
- b) Patróns faciais
- c) Recoñecemento das veas
- d) Análise grafolóxico

49.- Que tamaño ten un papel DIN A4?

- a) 210 mm. x 420 mm.
- b) 420 mm. x 290 mm.
- c) 297 mm. x 420 mm.
- d) 210 mm. x 297 mm.

50.- Cal é a función do auto-zoom dunha fotocopiadora?

- a) Elixe automaticamente a calidade da copia
- b) Imprime a copia en tamaño máis grande que o orixinal
- c) Selecciona automaticamente a escala en función do tamaño do papel
- d) Reduce a copia nun 45%

51.- Cal dos seguintes métodos de encadernación se empregaría para unha novela de peto?

- a) Encadernación en cartoné
- b) Encadernación en wire-o
- c) Encadernación en rústica
- d) Encadernación en canutillo

52.- Que é o reporter de transmisión dun Fax?

- a) Un xustificante que nos informa acerca da transmisión dun fax, tanto se foi correcta como incorrecta
- b) Un xustificante que informa acerca da transmisión dun fax no caso que este o transmitira con éxito
- c) Trátase do mecanismo polo que o fax interpreta o contido do documento para logo transmitirlo
- d) Ningunha é correcta

53.- Nunha guillotina de papel, que función ten o pisón?

- a) É donde se apoian os pregos para indicar a medida exacta onde se realizará o corte
- b) É un mecanismo de presión que se atopa xunto á coitela e serve para suxeitar os pregos ao cortar
- c) É o elemento afiado que serve para cortar os pregos
- d) É o lugar donde se colocan os picos dos pregos para deslizarlos ata a escuadra e efectuar o corte

54.- Por razóns de interese público se decide a aplicación da tramitación de urxencia a un procedemento, de xeito que os prazos establecidos para un procedemento ordinario quedan reducidos á metade. De que tipo de documento se trata?

- a) Resolución
- b) Instancia
- c) Acordo
- d) Ningunha é correcta

55.- Clasifica os seguintes documentos administrativos en función da súa natureza?

ACORDO

INFORME

ANUNCIO

- a) De decisión, de constancia e de transmisión
- b) De constancia, de decisión e de transmisión
- c) De xuízo, de constancia e de transmisión
- d) De decisión, de xuízo e de transmisión

56.- Cal dos seguintes tipos de documentos administrativos non sería un documento de constancia?

- a) Informe
- b) Dilixencia
- c) Acta
- d) Certificado

57.- María Luisa G.V. presenta unha solicitude para participar nun proceso selectivo. Posteriormente a Dirección Xeral de Función Pública publica no Diario Oficial de Galicia as relacións provisionais de admitidos e excluídos no proceso selectivo, concedendo un prazo de 10 días para emendar os defectos. María Luísa G.V. aparece no listado de excluídos e como vai marchar de viaxe solicita a ampliación de prazo para emendar o defecto. Deberá a Administración ampliar ese prazo?

- a) Si, ata un máximo de 5 días
- b) Si, en 5 días, en todo caso
- c) Non, porque se trata dun proceso selectivo
- d) Ningunha é correcta

58.- Que tipo de informe é aquel que sendo preceptivo por establecerse así na normativa aplicable, resulta imprescindible para dictar a resolución dun procedemento?

- a) Informe preceptivo non determinante
- b) Informe preceptivo determinante
- c) Informe facultativo
- d) Informe non preceptivo e non vinculante

59.- Segundo o artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as notificacións practicaranse por calquera medio que permita ter constancia:

- a) Da recepción polo interesado ou seu representante
- b) Da data, identidade e contido do acto notificado
- c) As respostas a) e b) son correctas
- d) Ningunha é correcta

60.- Cales son os prazos mínimos de reclamación que ofrece Correos para o caso do Paquete Azul?

- a) 15 días
- b) 10 días
- c) 2 días
- d) Ningunha é correcta

61.- O prazo de entrega dun paquete postal é de:

- a) 3 días hábiles na Península
- b) 6 días hábiles en Ceuta
- c) 9 días hábiles nas Illas Canarias
- d) Ningunha é correcta

62.- Se non se puidera entregar unha carta certificada no domicilio do interesado, o carteiro deixará un aviso na caixa de correos indicándolle que a carta estará na oficina de Correos, e disporá para recollela dun prazo de:

- a) 20 días
- b) 10 días
- c) 5 días
- d) 15 días

63.- Existindo constancia da posta a disposición da notificación empregando medios electrónicos, entenderase que esta foi rexeitada se non se accede ao seu contido no prazo de:

- a) 10 días naturais
- b) 10 días hábiles
- c) 15 días naturais
- d) 15 días hábiles

PREGUNTAS DE RESERVA

64.- A que equivalería un papel en formato A3?

- a) Á metade dun papel en formato A2
- b) Á metade dun papel en formato A4
- c) Ó dobre dun papel en formato A4
- d) As respostas a) e c) son correctas

65.- Se o interesado ou seu representante rexeita a notificación, segundo dispón o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non é correcto afirmar que:

- a) Tal circunstancia farase constar no expediente
- b) Repetirase o intento de notificación por unha soa vez
- c) O tramite terase por efectuado
- d) O procedemento non se interrompe

66.- Segundo o artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os documentos emitidos polas Administracións Públicas por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, gozarán da validez e eficacia do documento orixinal sempre que quede garantizada a súa:

- a) Transmisibilidade
- b) Conservación
- c) Autenticidade
- d) As respostas b) e c) son correctas